

TEMA 2 - LINGUA GALEGA

1. PALABRAS POLISÉMICAS.

Son as palabras que teñen máis dun significado. Ex: banco (de sentarse, de peixes, de diñeiro)

2. OS SUBSTANTIVOS.

Son as palabras que nomean persoas, animais, cousas, ideas ou sentimentos .

Substantivos		
Xénero	Mascullinos	Van acompañados das formas <i>o / un / este...</i>
	Femininos	Van acompañados das formas <i>a / unha / esta...</i>
Número	Singulares	Nomean un só ser ou obxecto.
	Plurais	Nomean diversos seres ou obxectos.
	Algúns substantivos teñen a mesma forma en singular e en plural (<i>o lapis / os lapis, o luns / os luns</i>).	

2.1 CLASES DE SUBSTANTIVOS.

- **Comúns:** nomean calquera persoa, animal ou cousa: nena
- **Propios:** nomean unha persoa, animal ou cousa concreta: María
- **Individuais:** nomean en singular unha única persoa, animal ou cousa: xogador
- **Colectivos:** Nomean en singular un conxunto de persoas, animais ou cousas: equipo.
- **Concretos:** nomean seres ou obxectos que se poden oír, tocar ...: pelota
- **Abstractos:** nomean ideas, sentimentos... non se poden tocar: alegría, esperanza
- ..

2.2 FORMACIÓN DO FEMININO.

Modelo 1	Mudan as terminacións -o ou -e por -a . Exemplo: <i>gato-gata; mestre-mestra</i> .	Modelo 3	Mudan a terminación -án por -á . Exemplo: <i>cirurxián-cirurxiá</i> .
Modelo 2	Engaden -a á consoante final. Exemplo: <i>señor-señora</i> .	Modelo 4	Mudan a terminación -ón por -oa . Exemplo: <i>ladrón-ladroa</i> .

2.3 FORMACIÓN DO PLURAL

Modelo 1	Os que rematan en vogal ou -n engaden -s . Exemplo: <i>coches, macarróns, curmáns</i> .	Modelo 3	Os agudos rematados en -l , cambian o -l por -is . Exemplo: <i>animais, funis</i> .
Modelo 2	Os que rematan en -r, -z ou -s engaden -es . Exemplo: <i>cores, reses, albornoces</i> .	Modelo 4	Os monosílabos e os polisílabos graves rematados en -l engaden -es . Exemplo: <i>coles, túneles</i> .

3. PALABRAS AGUDAS, GRAVES E ESDRÚXULAS.

- AGUDAS: Acentúanse as polisílabas rematadas en -vogal (+n, s, ns): mamá, cafés, algún, peóns. Ex. : chofer, chinés.
- GRAVES: Levan acento ortográfico cando rematan en consoante diferente de n, s , ou en grupos consonánticos distintos de -ns: álbum, móvil, mísil, réptil, Félix, tríceps, carácter. (Tamén se acentúan as que teñen ditongo decrecente na última sílaba: amábeis). Ex. : atmosfera, biosfera, heroe
- ESDRÚXULAS: Todas levan acento ortográfico: mágoa, bárbaro, tépedo, xílgaro, térmite.

4. A METONIMIA E A COMPARACIÓN.

- A METONIMIA: Consiste en substituír o nome dunha cousa para que teñan relación de continente por contido ou causa-efecto. Ex: xa rematei o prato (prato por espaguetes).
- A COMPARACIÓN: Consiste en relacionar un elemento con outro semellante. Ex: a cpva era escura coma a noite.